REPASO DA UNIDADE

1. Completa esta frase.

Mediante a reprodución as plantas producen _____ grazas a un proceso con cinco etapas: _____, _____, _____, _____, e _____.

2. Di se estas frases son verdadeiras ou falsas.

a) As plantas non respiran, só fan a fotosíntese.

b) As plantas teñen órganos dos sentidos porque crecen cara á luz.

c) As plantas fan a fotosíntese pola noite, cando non hai luz.

3. Debuxa unha flor e sinala nela a corola, o cáliz, o pistilo e os estames.



4. Observa a imaxe e responde estas preguntas e actividades.



a) Nomea as partes enumeradas na planta da ilustración.

b) Di cales son as funcións que levan a cabo para a planta as partes enumeradas como 1 e 3.

c) Explica que lle sucedería a esta planta se non recibise luz solar.

d) Como se debe coidar unha planta?

LIVEWORKSHEETS